

MANIFESTO DE APOIO AOS GANDEIROS E GANDEIRAS DE LUGO

Na provincia de Lugo hai 4.939 explotacións de leite, que dan traballo a máis de 12,500 persoas, e máis de 25.000 empregos indirectos.

Tan só na comarca de Lugo, hai máis de 1.000 explotacións dedicadas á produción de leite, o que supón máis de 3.000 postos de traballo directos e máis de 5.000 empregos indirectos. En resumo, isto é mais do 30% da poboación activa da nosa comarca.

Non hai ningunha empresa na comarca de Lugo nin na provincia que dea traballo a tanta xente.

Esta situación crítica das explotacións lácteas conleva un gravísimo deterioro do tecido económico das comarcas onde vivimos.

O sector lácteo contribúe de maneira definitiva a fixar a poboación e a evitar o abandono de pobos e vilas.

Esta grave situación aféctanos a todos, a todo o conxunto da nosa sociedade e a todo o noso tecido económico, non só aos gandeiros e gandeiras.

Por iso os baixo asinantes queremos dar o noso apoio aos gandeiros e gandeiras e esixir ás Administracións unha solución a curto prazo.

UNHA SOLUCIÓN XA. NON TEMOS TEMPO.